



**Mário J. Herrero Valeiro** (A Coruña, 1968) é Licenciado en Filoxía Hispánica pola Universidade de Santiago e Doutor na mesma materia pola da Coruña. Desempéñase como tradutor xuramentado de portugués e tradutor profesional.

Como poeta, iniciou a súa traxectoria acadando o VII Premio de Poesía Espiral Maior con *No limiar do silencio. Poemas da estranxeirice* (1999) e publicando logo *Cartografía da Atrocidade* (2001) nas lisboetas Edicións Tema. Seguiríanlle *A Vida Extrema* (dúas distintas edicións electrónicas en 2005 e 2016) e *Outra Vida. 22 poemas, una confissão e um esclarecimento* (2013). Con *Da vida conclusa* (2014) obtería o II Premio de Poesía O Figurante e o Premio de Poesía Glória de Sant'Anna 2015, e con *A Razão do Perverso (Ajuste de Contas)* o X Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas no pasado 2016.

Como sociolingüista, publicou numerosos artigos en revistas galegas e internacionais, a carón dos libros *Guerra de grafías, conflito de elites na Galiza contemporânea* (2011) e *A normalización lingüística, uma ilusão necessária. A substituição do galego e a normalização do espanhol na Galiza contemporânea* (2015). É académico da Academia Galega da Língua Portuguesa (Observador Consultivo na Comunidade de Países de Língua Portuguesa – CPLP)

**POEMA PLAGIADO DE ESTRUTURA CIRCULAR**  
*(homenagem a J. L. Borges)*

*nas ruas de Tânger, que jamais pisarei,  
os fumadores de haxixe conhecerão o meu nome,  
nos becos mais escuros do souk de Medina  
os cães dos nómadas sonharão a minha morte,  
nos cantos sujos de um largo de Lisboa  
os vendedores de delírios desprezarão a minha sombra,  
nos frios outeiros, perto de Inverness,  
já não haverá pastores que lembrem o meu passo,  
como fugitivo, entres os vales das Terras Altas,  
nas planícies da Patagónia,  
entre os fantasmas de gaúchos de sangue galês,  
a memória de um poeta terá um oco para mim,  
em qualquer país, menos na terra em que nasci,  
haverá um bom um lugar para que descanse o meu corpo,  
nas planícies da Patagónia, nos outeiros de Inverness,  
num largo de Lisboa, no souk de Medina,  
nas ruas de Tânger, que jamais pisarei*



**(MÁRIO  
HERRERO)**

Luns **23** de outubro  
20:30

**ÁGORA**

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

Poetas  
Di(n)versos  
2017



*Hu Xudong*







Nado en Chongqing no ano 1974, **Hu Xudong** é poeta, crítico e tradutor, Master en Literatura Comparada e Doutor en Literatura China Contemporánea pola Universidade de Pequín, onde traballa. É profesor asociado no Instituto de Literatura Mundial e vicedirector no Núcleo da Cultura Brasileira. Entre 2003 e 2005, traballou como profesor visitante na Universidade de Brasilia.

Publicou nove libros de poesía, ademais de prosa, ensaios, traducións poéticas e crítica de poesía. Constituindo un dos nomes máis anovadores e relevantes da lírica chinesa actual, foi galardoado cun bo número de recoñecementos, caso do Premio de Poesía LiuLi'an, o Tomorrow-Ergun, o Top 10 Novos Poetas e o Premio Internacional do Río das Perlas.

O seu primeiro poemario, *Dende a beira da auga*, vira a luz en Beijing en 2001, e dende entón foi sacando novos títulos ata *O gato branco Toqtamish*, no pasado 2016. Canto a bolsas, programas internacionais e festivais de poesía no estranxeiro, fixo parte do International Writing Program en Iowa (EE.UU.), do Cosmopoética (Córdoba), do Festival Internacional de Poesía de Rotterdam (Holanda), do de Macau, do Anglo-French Poetry Festival (Francia), do Festival de Poesía Asiático-Nórdico (Finlandia e Noruega) ou do Festival de Poesía do Pacífico (Taiwan).

#### A CHUVIA

*Na viaxe, hai sempre  
unha chuva fina, ignorante da súa data de nacemento, a acompañarte.  
Na saída do aeroporto, a chuva xa se metera  
na multitude, nas puntas  
dos seus pés seseantes, agardando a túa chegada.  
No tren, a chuva, novamente a chuva  
coas súas uñiñas cincentas  
estivo rañando no vidro da xanela, mais aínda non conseguiu espertarte.  
Así teñas que esperar até un anoitecer deserto,  
habíala encontrar de veras:  
a chuva botou a súa lingua de gatiña para fóra,  
lambendo a estrada enteira para ti, mollando  
ladrillo por ladrillo, tella por tella, para que  
cheirases o teu primeiro ano escolar.  
Levaches nos brazos a chuva restante  
dunha herba de mate, e deixáchela deitarse no teu hotel.  
Cunha toalla limpaches os ventos xélidos  
no seu corpo, e de súbito, viches  
nesta chuva fina do Sur do Río, desta terra estraña,  
unha marca de nacemento, igual à túa.*



(HU  
XUDONG)

Luns **23** de outubro  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

Poetas  
Di(n)versos  
2017

Mário Herrero

